

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 10 de outubro de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2025.
- * Aprobación dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 0014 111LL00 625 á aplicación 2025 0014 111LL00 22699 por importe de 8.000,00€.
- * Aprobación da ampliación de aportación de capital social, no seu caso, e aprobación da incorporación da Universitat de Barcelona a SIGMA.
- * Elevación ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón duns equipos pola Fundación FAIMEVI.
- * Aprobación da Oferta de Emprego Público 2025.
- * Aprobación da convocatoria dunha praza de CU de mobilidade no departamento de Química Orgánica.
- * Aprobación da creación e convocatoria de 5 prazas de TU do cupo correspondente ao 15 % da OEP do 2023, e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.
- * Aprobación da selección de unidades docentes/áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de PPL, e da creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2026/27.
- * Aprobación da convocatoria de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.
- * Aprobación dos criterios da produción de investigación e transferencia do ano 2025.
- * Aprobación da substitución de Enrique Varela Álvarez por Pablo Cabanelas Lorenzo como vogal na Comisión de Publicacións.
- * Aprobación do nomeamento en substitución dun membro da Comisión de permanencia e progreso no sector de directores/as-decanos/a:
 - Pedro Antonio Araujo Nespereira.
- * Aprobación da corrección de erros no Regulamento de Recoñecemento e Transferencia de Créditos Académicos nas Titulacións Oficiais de Grao e de Mestrado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da proposta de modificación do artigo 8.1 c) do Regulamento de prácticas externas do estudantado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.

- * Aprobación da proposta de nomeamento dun membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes:
 - Ainhoa García Marcos.
- * Elección dun representante do PTXAS no Comité de Dirección da EIDO:
 - Carmen Paredes Chapela.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.